

Páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvite/>

Instagram : @escoladevite e @orientacion.vite1

## ACTIVIDADES QUÉDA-T

A participación do alumnado no programa Quédate dentro dos CP Incluíe, foi pensada para facer unha campaña de fomento dos estudos básicos. Implicouse ao alumnado de todo o centro a través da participación na revista escolar VERMELLIÑA INFORMA. O resultado foi altamente positivo, pois puxo en valor os seus traballos escolares, nos que estiveron moi involucrados.

Tamén se crearon espazos no centro coa idea de xerar un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable, que permita ao alumnado sentirse cómodo e seguro para asistir a unha escola acolledora.

Quedou pendente a gravación dun corto coa temática do obradoiro, baseado na idea de: "se queres un futuro mellor, deixa teléfono e agárrate aos estudos".

